



XPEDIENTE	EXPEDIENTE COMISIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. Sesión extraordinaria do 10.08.2017.	09/17
TRÁMITE	Borrador da acta.	

Na Sala de Comisións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as 12:10 horas do día referido, e baixo a Presidencia Delegada de D. Rafael Domínguez Artime (PP), reúnese a referida Comisión co fin de tratar os asuntos incluídos na convocatoria correspondente.

Asisten:

- Grupo do BNG: D<sup>a</sup> Anabel Gulías Torreira; D<sup>a</sup>. María dos Anxos Riveiro Portela, D. Raimundo González Carballo, e D. Luis Alberto Oubiña Piay.
- Grupo do PP: D. César Alberto Abal González.
- Grupo da MaPo: D<sup>a</sup> María del Carmen Moreira Martínez.

Asisten así mesmo a titular da Intervención, D<sup>a</sup>. Blanca Vega Lorenzo, e a titular do OXOC (Órgano de xestión orzamentaria e contable) D<sup>a</sup> María Herculina Domínguez Martín.

Secretario: José Luis Mato Rodríguez.

Xa que logo, e comprobada a existencia de quórum suficiente dáse comezo á sesión, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### Único. Informe da Conta Xeral ano 2016

A petición da Presidencia o Sr. **González Carballo** explica como a aprobación da Conta é un trámite legal, debendo ser elevada ao pleno e remitida posteriormente ao Consello de Contas de Galicia.

Pregunta a Sra. **Moreira Martínez** por qué, se o Ministerio propuxera que a empresa "TURISMO Pontevedra, S.A." pasara ao Concello, continúa existindo.

Contéstase pola Sra. funcionaria **titular do OXOC** que o Ministerio, como regra xeral con todos os Concellos, propuxo a disolución da empresa ao reflectir perdas. Non obstante, sinala que se efectuaron alegacións que se levaron pola Secretaría de Administración municipal, descoñecendo o seu estado.

Pregunta de novo a Sra. **Moreira** respecto do aludido no informe do OXOC en canto ao Inventario, contestándose de novo pola **titular do OXOC** que xa hai tempo que se ven reclamando a existencia dun inventario contable, que se contrataron no seu momento uns traballos de formación dun inventario, pero de carácter xurídico ou de Secretaría. Entende que o seu sería contar cun Inventario que permita a "xestión patrimonial", e que responda ás esixencias tanto da lexislación contable como da patrimonial. Engade que nestes momentos encargouse unha asistencia técnica para analizar os pasos a dar para determinar cómo e qué inventario facer, antes da realización deste.

Pregúntase pola **Presidencia** respecto da discrepancia respecto do peche do IMD.

Explícase pola **titular do OXOC**, así como pola Intervención municipal, que se refire aos dereitos pendentes de cobro que se presentaron como incobrables, en canto que se entendeu non suficientemente xustificado e documentado ese carácter. Por tal motivo se instaron as explicacións correspondentes á Presidencia e a Tesourería do IMD. Trátase de



sobre 100.000 €.

Anuncia a **Presidencia** o voto en contra do seu grupo, aclarando que se debe a discrepancias políticas coa xestión, non respecto do documento técnico.

Sen máis intervencións o asunto sométese a **VOTACIÓN** sendo informada favorablemente a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2016 cos votos en contra dos Srs. concelleiros do grupo do PP (2); a abstención da Sra. concelleira do grupo da MaPo (1); e a favor dos Srs. concelleiros do grupo do BNG (4).

E sen máis intervencións, a sesión levántase sendo as 12:20 horas do indicado día.

Pontevedra,  
Visto e Prace,  
O presidente,

O secretario,

